

# Está Xapón preparado? Bicameralismo imperfecto e inoportuno

*Salvador Rodríguez Artacho*

## I. Introducción

---

Xapón atraeu e fascinou dende sempre a Occidente<sup>(1)</sup>. Continúa facéndoo cunha renovada intensidade, nunha nova orde mundial globalizada, malia que o fai a súa maneira, ao seu ritmo acaso lento e indeciso, aínda a risco de perder o tren por mor de tantos e tan profundos titubeos á hora de adoptar as decisións. A harmoniosa cooperación, proclamada en forma de principio inspirador pola Carta do príncipe Shôtoku, continúa influenciando a busca de consenso en esferas públicas e privadas<sup>(2)</sup>.

Xapón é ata hoxe a segunda economía do mundo, se ben non o será por moito tempo máis, ante o imparable, en aparencia, auxe do xigante chinés. Dispón dun sistema xurídico fiable, dun réxime constitucional sustentado nos tres principios básicos que o ergueron ata a súa privilexiada posición mundial, como son: o recoñecemento e respecto aos dereitos humanos, o principio de soberanía popular e a renuncia á guerra ou cláusula pacifista e, igualmente, dunhas institucións públicas consolidadas.

A súa sociedade é dinámica, culta, innovadora. A súa clase política, que moitos cualifican de reservada, pouco transparente e distante, continúa primando un protagonismo case sen límites das faccións e un desproporcionado peso da tradición familiar, como poñen de manifesto os máis recentes acontecementos políticos.

O vivido este verán terá que se contextualizar no seu xusto termo. E non será posible facelo desde a óptica, exclusivamente, da política interna, tendo en conta a cada vez máis atravesada situación xeopolítica en que Xapón está inmerso, á que non pode permanecer alleo nin indiferente. Xapón está necesitado de cambios que só se poderán facer dende dentro. E deben ser cambios estruturais, que vaian alén de tímidas reformas. Para isto necesita un goberno forte, con apoio suficiente do arco parlamentario nos grandes temas de Estado, circunstancia que brilla pola súa ausencia no actual escenario político. É máis, podería argüírse que é tempo para a procura

---

(1) RUDOFISKY, Bernard: *The Kimono mind – an informal guide to Japan and the Japanese–*, Double & Company, Inc. Garden City, New York 1965.

(2) O artigo 1 da Carta dos Dezasete Principios, promulgada polo príncipe Shôtoku no ano 604, consagraba como virtude suprema a “harmoniosa cooperación”, a cal non poderá ser sublevada arbitrariamente. Unha explicación do contido, o seu contexto histórico e a súa tradución do xaponés pode verse en FUKASE, Takaku: *Héritage et actualité de l’ancienne culture constitutionnelle japonaise (a propos de la charte de dix-sept articles du prince-dauphin Shôtoku)*, na obra colectiva *Études de Droit Japonais*, Centre Français de Droit Comparé, Société de Legislation Japonais, 1989, pp185 e ss.

dun consenso nos grandes asuntos de Estado, ao que deberían tender as forzas políticas maioritarias.

En fin, vive un momento de certa inestabilidade en que suceden importantes feitos, algúns deles en aparencia anecdóticos pero na práctica significativos. Da análise do resultado electoral das eleccións parciais ao Senado ou á Cámara de Conselleiros (sangiin 参議院) celebradas en xullo pasado e da análise das súas consecuencias políticas xorden necesariamente interrogantes que van máis alá da simple análise en clave política.

Dunha parte, da situación actual en que se atopa a política xaponesa transcenden cuestións de alcance constitucional, como o debate en torno á reforma da Carta Fundamental, que non é tema tabú, todo o contrario, forma parte do programa de goberno, como o foi tamén durante o mandato de Junichiro Koizumi. A inclusión no seu programa dá a oportunidade de modificar a Lei da Casa Imperial (*kōshitsu tempan*, 皇室典範) para permitir que ascenda ao Trono do Crisantemo a única filla dos príncipes herdeiros, a Princesa Aiko<sup>(3)</sup>. Doutra, o equilibrio de forzas parlamentarias xurdido dos últimos comicios parciais para a elección de conselleiros evidencia con toda a súa crueza o positivo e o negativo do bicameralismo imperfecto. Ademais, a forzada dimisión do primeiro ministro é motivo para a reflexión, amais de activar non xa os mecanismos de elección do sucesor dende a perspectiva parlamentaria, que xa de por si é un feito extraordinario porque en democracias caracterizadas pola súa aparente estabilidade política e por non deixar de supoñer un pulso interno no seo das forzas políticas que sempre é benvido, senón aqueles (mecanismos) que, con carácter previo, débense activar no seo do partido político maioritario, co obxecto de designar ao líder que será o proposto para o cargo de primeiro ministro, elixido por votación da Dieta.

En función do exposto, merece a pena, na miña opinión, afondar nas seguintes cuestións. En primeiro lugar, a análise do resultado electoral de xullo pasa-

---

(3) Esta posible reforma quedou aprazada *sine die*, ao alumar un varón a parella dos príncipes imperiais e quedar resolto e garantida a continuidade dinástica, aínda que siga sen se resolver a discriminación por razón de sexo da Lei. Non sorprende que se alcanzase protagonismo político, se tomamos en consideración as circunstancias persoais da Familia Imperial, na que desde hai varias décadas non naceu ningún home. A este respecto, pódese consultar o Informe do Consello Asesor sobre a Lei da Casa Imperial de 24 de novembro de 2005, que abordou a posibilidade dunha reforma. Dito informe concluíu que a modificación da Lei da Casa Imperial “representa a mellor elección en relación co sistema de sucesión ao trono que se debe impor no medio e longo prazo” (páxina 23 do Informe), incluso se nacesen varóns no seo da Familia Imperial. Este Consello Asesor foi creado por decisión do primeiro ministro de 27 de decembro de 2004, co obxecto de “servir de foro de discusión sobre o sistema de sucesión e outras institucións relacionadas”. Estaba composto por Hiroyuki Yoshikawa (presidente), Itsuo Sonobe (vicepresidente) Haruo Sasayama, Hiroshi Okuda, Koji Sato, Masaaki Kubo, Sadako Ogata, Sumiko Iwao, Takeshi Sasaki e Teijiro Furukawa, sen prexuízo de que podería requirir a presenza de persoas de recoñecido prestixio para a elaboración do informe, o que sucedeu en oito ocasións entre maio e xuño de 2005, coa presenza de expertos na institución imperial, dereito constitucional, relixión e historia. O texto completo é accesible na páxina web da Oficina do Primeiro Ministro de Xapón. Sobre esta cuestión en particular, pódese ver RODRÍGUEZ ARTACHO, Salvador: *La sucesión al Trono de Japón y el Principio de no discriminación*, Actas del Congreso de la Asociación de Estudios Japoneses de España, Universidad de Zaragoza, decembro de 2005 (pendente de publicación). Sobre a Monarquía xaponesa, dende a perspectiva xurídico-constitucional vid. SEIZELET, Eric: *Monarchie et Démocratie dans le Japon d'après-guerre*, Maisonneuve & Larose, 1990; RODRÍGUEZ ARTACHO, Salvador: *La Monarquía Japonesa*, Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, Madrid 2000.

do, acompañada por unha breve e descritiva exposición do reconto electoral e do seu, tal vez para moitos, sorprendente resultado, sen esquecer unha certa reflexión sobre as súas inmediatas consecuencias. A continuación, sería oportuno deterse no proceso interno de elección do presidente do Partido Liberal Democrático (PLD), co obxecto de expoñer algunhas singularidades e algunha clave do que se podería esconder detrás da elección de Fukuda.

Seguidamente, e en terceiro lugar, é interesante referirse ao programa de goberno de Yasuo Fukuda, en especial, a cuestión relativa á renovación da prórroga da Lei antiterrorista de 2001 para permitir o subministro e abastecemento de carburantes e outros aprovisionamentos a medios militares no océano Índico, non sen esquecer que esta cuestión está moi relacionada co debate aberto en torno á reinterpretación do artigo 9 da Constitución xaponesa cando non co da reforma constitucional. En efecto, ben distinto sería o escenario que manexaríamos se Xapón tivese unha Constitución actualizada e non a vixente, imposta por Estados Unidos tras a II Guerra Mundial. En consecuencia, sería moi distinta a habilitación legal para a participación do exército xaponés en misións internacionais.

En cuarto lugar é, ao meu xuízo, interesante a pugna aberta mantida entre as cámaras lexislativas xaponesas que, co signo político cambiado, pretenderon facer que valesse o seu respectivo candidato a primeiro ministro, aínda que claramente se tratase dun enfrontamento máis teórico ca real, o que non enerva o seu compoñente evidentemente táctico, se ben, sen verdadeiras consecuencias políticas na práctica, sobre a base do bicameralismo imperfecto, que outorga primacía á Cámara de Representantes (衆議院, *shugiin*). Agora ben, non é menos certo que, vencidos os primeiros momentos de “cohabitación” non se debe descartar que, a medio prazo, a situación política adoza de tal grado de ingobernabilidade ou os equilibrios e apoios parlamentarios sexan tan sumamente fráxiles, que o único remedio sexa a disolución anticipada da Cámara de Representantes e a subseguinte convocatoria electoral.

A igual resultado, os intentos de bloqueo pódense levar ata as súas últimas consecuencias por parte da segunda Cámara a todo texto lexislativo remitido pola Cámara de Representantes. Esta pugna, a primeira vista meramente teórica entre cámaras lexislativas, non obsta, sen embargo, para que mereza ser destacada.

En quinto e último lugar, haberá unhas liñas a modo de reflexión final, en que, aínda que nos equivoquemos, aventurarémonos a predicir o inmediato futuro, tomando algúns elementos diversos para análise.

## **II. A derrota electoral e a estraña dimisión de Shinzo Abe: a síndrome do Mono como prezo aos erros e escándalos políticos do PLD**

---

Atribúese ao político Banboku Ôno (1890-1964), quen tivo unha participación moi destacada na unión dos partidos de signo conservador que deu lugar o

nacemento do PLD, a frase “un mono que cae dun árbore segue sendo un mono, pero un membro da Dieta que fracasa na súa reelección non é ningún”<sup>(4)</sup>.

Seguramente moitos conservadores deberon sentir unha enorme frustración e non menor desasosiego ao vérense afectados por esta especie de “síndrome do Mono” á vista do pobre resultado electoral obtido polo partido gobernante de Xapón nas últimas eleccións parciais a membros da *Sangiin* do pasado 29 de xullo de 2007. Polo menos quedálles o consolo de aliviar a súa aflición acudindo ao tan socorrido libro dos proverbios xaponeses, do que vén a conto aquel que nos lembra que ningún é infalible: 猿も木から落ちる (*saru mo ki kara ochiru* –os monos tamén caen das árbores–)<sup>(5)</sup>. Como é sabido, a duración do mandato representativo dos conselleiros é de seis anos. A renovación da metade dos membros da Cámara de Conselleiros, non obstante, prodúcese cada tres anos, de conformidade coa Constitución e a Lei electoral xaponesa<sup>(6)</sup>.

Xapón conta cos principios básicos comúns ás democracias occidentais en materia electoral. Con niveis de protección e efectividade similares aos do noso entorno constitucional como o sufraxio igualitario e universal, o voto secreto, e as eleccións directas que garanten consultas xustas e libres<sup>(7)</sup>. Doutra parte, o sistema electoral xaponés foi modificado substancialmente nas reformas de 1994, corrixindo algunhas deficiencias do sistema proporcional<sup>(8)</sup>. O certo, non obstante, é que o signo monocor que emana dunha maioría conservadora apenas atoparon unha verdadeira tarefa opositora no resto de formacións políticas, pois viñeron dando o seu apoio ao PLD, nuns estraños pactos de goberno. O anterior, non obstante, débese matizar co acontecido en 1993, cando unha coalición de sete partidos arrebatou o poder ao principal partido xaponés, mandándoo, por primeira vez, á oposición, toda unha “revolución”, ao terminar cun equilibrio político consagrado no “sistema de 1955”<sup>(9)</sup>.

Pero pasemos a expoñer as que parecen ser as razóns da derrota e algúns dos máis reveladores datos dos resultados, co obxecto de alcanzar algunhas conclusións.

(4) KISHIMOTO, Kôichi (con actualización de KISHIMOTO, Shunsuke): *Politics in Modern Japan*, Japan Echo Inc, Tokio 1997, p106.

(5) Véxase o libro de proverbios xaponeses con ilustracións do autor 五味太郎 (GOMI, Tarô) (*Kotowaza ehon*) da editorial (Iwasaki Shoten), Tokio, 1986.

(6) Artigo 46 da Constitución xaponesa: “O remate do mandato dos membros da Cámara de Conselleiros será de seis anos e, cada tres anos se efectuarán eleccións para renovar a metade dos seus membros”.

(7) A Constitución xaponesa garante no seu artigo 15 o sufraxio universal, o segredo de voto en todas as eleccións e o dereito a elixir aos representantes. Para votar nas eleccións esíxese maioría de idade que, conforme ao artigo 4 do Código Civil xaponés adquirese aos 20 anos cumpridos. Véxase BARBERÁN, Francisco e DOMINGO, Rafael, “Mimpô” (民法) Código Civil Japonés, Thomson Aranzadi, Cizur Menor (Navarra) 2006. Hai unha excepción que aplica ás figuras do Príncipe Herdeiro (皇太子, *kôtaishi*) e do Neto Imperial (皇太孫, *kôtaison*) que adquiren a maioría aos 18 anos (artigo 22 da Lei da Casa Imperial de 1947).

(8) Entre outros, pódense ver CHRISTENSEN, Raymond.V: *The New Japanese Election System*, en Pacific Affairs, n° 69, 1996, pp49 e ss; SELIGMANN, Albert L.: *Japan's new electoral system, has anything changed*, en Asian Survey, vol XXXVII, n° 5, maio 1997, pp409 e ss.

(9) DELAGE, Fernando: *La transformación del sistema político japonés*, na obra colectiva RODAO, Florentino e LÓPEZ SANTOS, Antonio (eds): *El Japón Contemporáneo*, Edicións Universidade de Salamanca, 1998, pp32 e ss.

As loitas por defender posicións antagónicas non só afloraron na area política entre formacións de distinto signo, senón que a discrepancia se manifestaba no seo do partido gobernante e en cuestións da máxima transcendencia política, tanto no ámbito nacional coma no internacional. Por citar algúns respecto do primeiro, destacan significativamente a privatización do operador postal (*Nippon Yūsei Kōsha*, 本郵政公社) presentado polo goberno de Junichiro Koizumi como necesaria para saír da crise e modernizar unha das institucións que maiores desequilibrios causaba ao sistema económico e financeiro do país, tendo en conta que non é precisamente o reparto de postais e correo ordinario a principal actividade económica que realizaba porque é a primeira entidade do mundo en depósitos de aforro e das máis importantes aseguradoras.

O plan para segregar a compañía en catro entes de menor tamaño por áreas de negocio, durante un proceso que finalizaría, conforme ao calendario marcado, no 2017 só pode ser cualificado de conservador e pouco ambicioso. Pero para os responsables do sector industrial e da construción, así como para o influínte sindicato postal ao lograr este obxectivo a tan longo prazo xa suporía ir demasiado lonxe, opoñéndose con fereza. De novo a idiosincrasia do modelo xaponés, amosa cómo aínda conserva un desproporcionado peso o sector público, en detrimento do sector privado, quedando pendente a manida descentralización das funcións centrais do goberno a favor de gobernos locais e/ou do sector privado, segundo sexa o caso.

Pois ben, a proposta de privatización postal presentada por Koizumi para a súa aprobación da Dieta en agosto de 2005 foi rexeitada nunha dura votación, grazas a que a vella garda do PLD aliouse coa oposición, o que o propio Koizumi cualificaría máis adiante como unha moción de confianza no seo da súa formación política<sup>(10)</sup>. A ameaza de disolución anticipada da cámara baixa cumpriuse, convocando as novas eleccións o 11 de setembro, de cuxo resultado vive hoxe día a representación de forzas políticas que conforman o arco parlamentario na Cámara de Representantes e na Cámara de Conselleiros, coa corrección resultante das eleccións parciais á metade dos seus membros do 29 de xullo de 2007<sup>(11)</sup>.

A aparición en escena de Shinzo Abe foi mor da expiración do mandato de Koizumi como líder do partido PLD, en setembro de 2006, o cal motivou a apertura do proceso de elección no seo do partido. A causa de que saíse vitorioso Abe neste proceso interno foi grazas, en boa medida, ao apoio máis implícito ca explícito reci-

---

(10) Entre os membros do PLD na Cámara de Representantes, negouse o apoio por unha escasa marxe de 125 votos fronte a 108. Nótese que o Partido Democrático de Xapón (minshuto), principal partido da oposición, é contrario a algúns aspectos do proxecto de privatización, pero non á privatización en si.

(11) Dos 480 deputados, o partido do goberno, o PLD conta cunha folgada maioría, ao dispoñer de 305 representantes. Síguelle o PDJ (Partido Democrático de Xapón), con 113 escanos. O Partido Novo Komeito, socio de goberno do PLD ten 31 asentos. Como partidos minoritarios referímonos ao Partido Comunista, con 9 representantes, o PSD (Partido Social Democrático) con 7 e o Novo Partido do Pobo (NPP), xunto co Sozo e un Grupo de Independentes que teñen 6 representantes. Finalmente, hai 9 independentes e ningunha vacante (datos á data 4 de setembro de 2007). Na Cámara de Conselleiros, tralas eleccións de xullo de 2007, a forza maioritaria é o PDJ xunto co Shin-Ryokufukai, con 115 escanos, seguido do PLD que veu mermado o número de Conselleiros ata os 84. O partido Novo Komeito ten 21, mentres que os minoritarios distribúense 16 escanos do seguinte modo: 7 o Partido Comunista, 5 o Partido Social Democrático e 4 o Novo Partido do Pobo, respectivamente. Os independentes suman 6 conselleiros. Tampouco hai vacantes (datos a 10 de setembro de 2007).

bido do líder saínte<sup>(12)</sup>. A súa elección respondía a que cumpría co requisito que aos ollos de Koizumi debía primar: o seu sucesor debía ser alguén capaz de levar o partido a unha vitoria electoral, o que se daba por feito no 2005 no momento da elección do novo líder do partido e que non se vía claro que fose un atributo que concorrese nas figuras dos seus potenciais oponentes, aínda que se tratase de políticos coñecidos e de ampla e dilatada carreira, en especial Taro Aso. Ademais, e tal vez non como cuestión menor, Abe garantiría o continuísmo nas políticas de Koizumi, non tanto nas xa iniciadas reformas que herdaría Abe como *fait accompli*, pero si nas que levaban consigo asociadas certa marxe de manobra, como o son as relacións con Asia ou a decisión sobre o incremento do imposto ao consumo, posposto continuamente.

Superada a etapa Koizumi, que subiu ao poder no 2001 con aquela promesa de “cambiar o PLD, cambiar Xapón”<sup>(13)</sup>. Abe cubriu unha etapa máis breve, dende logo, da que lle correspondía e sen dúbida con máis pena ca gloria, tendo en conta o modo e as formas coas que anunciou, primeiro, e explicou –despois– a renuncia ao cargo de primeiro ministro. É xusto afirmar que, a pesar das críticas a súa etapa de Goberno, Junichiro Koizumi tiña carisma, unha calidade persoal que en contadas ocasións concorre, non xa nun primeiro ministro, senón na clase política nipona en xeral. Soubo conectar ben coa xente moza, algo que resultou inalcanzable para Shinzo Abe, a pesar de ser a primeira persoa nada tras a II Guerra Mundial en ser designado primeiro ministro, o que lle situaba, *prima facie*, nunha posición idónea para cativar –ou cando menos atraer– ao voto mozo.

Un breve repaso ao mandato de Abe, que ben se podería cualificar de larvada decepción, debe botar algo de luz sobre as causas que levaron a un resultado como o obtido polo seu partido nas eleccións parciais do pasado 29 de xullo.

Como se anticipou, Abe asume o testemuño de Koizumi co obxectivo de continuar coas reformas xa iniciadas, algo para o que no seo do partido víase capacitado. Por algo se tiña presentado como o *Príncipe dos Falcóns*<sup>(14)</sup>. Na area internacional, débese destacar como positivo a apertura cara a China nos seus momentos iniciais, así como a decisión de non visitar o templo Yasukuni o 15 de agosto pasado<sup>(15)</sup>.

Así, aos poucos días de ser elixido primeiro ministro visitou China e Corea, coa intención de mellorar as relacións que con Koizumi se deterioraron. Con todo, foise

---

(12) Resulta revelador, á vista do que logo acontecería, o plantel de quen se consideraban aspirantes a aquela sucesión nas filas do PLD: ademais do ministro de Finanzas, Sadakazu Tanigaki, falábase de Taro Aso e de Yasuo Fukuda.

(13) Que fíxose efectiva a segunda parte da súa promesa é dende logo cuestionable, pois esa gran transformación de Xapón de la que se leva falando máis dunha década resístese con terquedad. Agora ben, para algúns xa hai indicios de estar máis preto de o lograr á primeira. Véxase *The Economist* de 13 de agosto de 2005, p43.

(14) Gloria Torrijos, *El País*, de 24 de setembro de 2006, nunha recensión do seu perfil político, familiar e humano, dous días antes da súa elección como primeiro ministro polo Parlamento xaponés.

(15) Para a controversia en torno ás visitas dos primeiros ministros xaponeses ao templo de Yasukuni, no que xacen os restos de soldados e primeiros mandos do antigo exército imperial, algúns condenados como criminais de guerra, e as reaccións que provocan estas visitas ao seus veciños de Asia, véxase STURGEON, William D.: *Japan's Yasukuni Shrine: Place of Peace Or Place of Conflict?*, upublish.com, 2006.

vendo superado polos escándalos dos seus ministros e altos cargos, aínda que asumiran as súas respectivas responsabilidades con dimisións e ata cun suicidio, sen que fose capaz de impoñer disciplina ao seu equipo de goberno. Deixou que se desvanecera a un forte ritmo e ata niveis certamente baixos o rédito de confianza e popularidade herdado de Koizumi e que tanto esforzo e imaxinación custou aglutinar ao seu antecesor. A perda de contacto coa realidade superouno. A mostra máis palpable foi o fracaso e a perda ou trasapeleo duns 64 millóns de expedientes de reclamación na seguridade social e o sistema de pensións, o que constitúe un dos escándalos burocráticos máis importantes dos últimos anos, sen que a gravidade do feito provocase só no primeiro ministro máis que unha tímida reacción. Neste sentido, as enquisas revelaron que máis do 50% de escépticos pensionistas negaron en xullo de 2007 o seu voto ao PLD<sup>(16)</sup>.

Da etapa de Abe, que o 26 de setembro de 2007 cumpriría o seu primeiro ano á fronte do gabinete, non podemos máis que nos facer eco dalgúns dos fitos que coadxuvaron a que se producise a que o diario conservador *Yomiuri Shimbun* non dubidou en cualificar de “devastadora” derrota obtida polo seu partido, o PLD, nas parciais de xullo pasado<sup>(17)</sup>.

A escasos días de terminar 2006 prodúcese a primeira dimisión dun dos seus ministros. O ministro para a reforma da administración<sup>(18)</sup> renunciaba ao seu cargo baixo acusación de malversación de fondos políticos. Máis trágica sorte correu o titular da carteira de agricultura, que se quitou a vida horas antes da súa comparecencia na Dieta para ser cuestionado acerca de escándalos económicos. Era a primeira vez na vida política xaponesa do vixente período constitucional que tan lutuoso e desgraciado suceso ten por protagonista a un ministro do gabinete<sup>(19)</sup>. Outro fito foi o recoñecemento do goberno en xuño deste ano da perda dos 64 millóns de expedientes de reclamación das pensións antes mencionado. Tan só uns días máis tarde, o 3 de xullo, dimite o ministro de Defensa a raíz dunhas declaracións públicas nas que defendeu que as bombas nucleares lanzadas sobre Hiroshima e Nagasaki, os días 6 e 8 de agosto de 1945, respectivamente, poderían ter sido inevitables<sup>(20)</sup>.

(16) *Yomiuri Shimbun*, 31 de xullo de 2007.

(17) Artigo de Toshiyuki Ito, *Yomiuri Shimbun*, 31 de xullo de 2007.

(18) Genichiro Sata.

(19) Non é do todo infrecuente en Xapón que o modo de asumir a responsabilidade se leve ao extremo do suicidio. Dende unha perspectiva sociolóxica, da que non vive alleo o mundo da política, o sentimento de culpa, o honor e a vergonza, o individuo fronte ou en contraposición ao grupo, e incluso o arte da execución do acto de morrer, levado ao extremo de ritual, son todos eles elementos moi presentes na idiosincrasia nipona. Pode verse PAULY, Ulrich: *Ritueller Selbstmord in Japan*, Deutsche Gesellschaft für Natur- und Völkerkunde Ostasiens, OAG Aktuell. n.º 63, Tokyo 1995.

(20) A garantía da salvagarda da figura do emperador así como a da soberanía imperial, foron os escollos insalvables que motivaron no seu día á non aceptación da Declaración de Postdam. Circularon, sen embargo, borradores e propostas durante a súa elaboración que incluían referencias a un tipo de goberno responsable e pacífico na forma dunha monarquía constitucional baixo a actual dinastía que, na redacción final, non se mantiveron. Unha cousa é que poida argüírse, razoablemente, á vista dun estudio detallado dos acontecementos cunha redacción alternativa da declaración de Postdam, podería condicionar o devir da historia e outra ben distinta que a sosteña o ministro de Defensa publicamente en Xapón. Véxanse sobre este particular TSUNEISHI, W.M.: *The Japanese Emperor: a study in constitutional and political change*, University Microfilms, 1961; KAWAI, K.: *Mokusatsu, Japan's response to the Postdam Declaration*, na revista *Pacific Historical Review*, novembro de 1950, vol 19, pp409 e ss; BUTOW, R.J.C.: *Japan's Decisión to Surrender*, Stanford University Press, 1954.

A todo o anterior debemos engadir o descontento social polas dificultades en superar a crise económica, a timidez das reformas, a ameaza da subida do imposto sobre o consumo, o desequilibrio entre rexións que se agudiza na comparación entre áreas urbanas e rurais ou cuestións de maior calado político como o son a reforma da Constitución e a participación xaponesa na loita contra o terrorismo internacional.

Pouco tacto e sensibilidade para conectar co electorado, un aliñamento erróneo na cuestión coreana, que o devir dos acontecementos confirmaría, coa postura algo máis receptiva dos Estados Unidos e, aínda cos máis recentes achegamentos das dúas Coreas, por non citar a controversia xerada ao non defender con contundencia e claridade a denominada Declaración de Kono sobre as escravas sexuais da II Guerra Mundial foron igualmente lastres que figuran no pasivo do seu balance<sup>(21)</sup>.

As enquisas ao electorado sobre as principais preocupacións nestas eleccións arroxaron como resultado, e por esta orde, o fracaso das pensións, as condicións económicas, as disparidades económicas entre rexións, a disparidade de benestar entre individuos, os casos de corrupción política e a educación<sup>(22)</sup>.

Pois ben, as eleccións para renovar a metade dos membros da cámara alta do parlamento xaponés, en que estaban en xogo 121 escanos de conselleiros<sup>(23)</sup>, significaron un acontecemento histórico na política xaponesa contemporánea: foi a primeira vez na historia do PLD que este partido perde a maioría na Cámara de Conselleiros e, en contraposición, a primeira que o Partido Democrático de Xapón é a forza dominante, desde que se fundara en 1996. Algúns datos destes comicios movern á reflexión.

En primeiro lugar, parece que se consolida o beneficio mutuo que obtén as formacións coligadas na tarefa de goberno xa que o intercambio de votos nas circunscricións en que non concorían ambas forzas (LDP e o Novo Komeito) os votos duns foron a parar ao outro e non ás formacións políticas opoñentes. En segundo lugar, houbo derrotas significativas no corpo a corpo entre rivais políticos. Así, cómpre destacar a perda do escano do secretario xeral do Comité Local do LDP na Cámara de Conselleiros, Toranosuke Katayama, no distrito electoral de Okayama fronte a Yumiko Himen, o seu opoñente do Novo Partido do Pobo, ex-membro da Asemblea Local<sup>(24)</sup>.

---

(21) Xa pode considerarse un logro que o goberno xaponés aceptara posicionarse sobre este espinoso tema en liña co apuntado polo secretario xefe do Gabinete en 1993, Yohei Kono, que aceptaba a responsabilidade de Xapón, expresaba contrición e prometía dar a coñecer aos xaponeses a verdade acerca destes feitos históricos. A ambigua posición de Abe sobre as eufemisticamente chamadas *comfort women* deixoulle claramente en evidencia, na entrevista concedida ao Washington Post en abril de 2007. Ver *A conversation with Shinzo Abe*, de Lally Weymouth, 22 de abril de 2007. Unha visión crítica con como abordou a responsabilidade de Xapón na Guerra Mundial pode verse, recentemente, en YAMAZAKI, Jane W.: *Japanese apologies for World War II: a rhetorical study*, Routledge, 2006.

(22) Yomiuri Shimbun, 31 de xullo de 2007.

(23) Esta cifra representa a metade dos 242 conselleiros que compoñen a Cámara Alta nipona. 73 conselleiros elixíanse de entre as 47 prefecturas, mentres que os 43 restantes saían elixidos por sistema electoral proporcional. En total concorían 377 candidatos, dos que 218 facían para as eleccións de prefectura e 159 para a elección proporcional.

(24) Na campaña serviuse un xogo de palabras utilizando os apelidos de ambos contrincantes que calou entre as mulleres e outros votantes indecisos, ademais de entre os máis críticos co *status quo* do partido gobernante: *Himeino tora taiji* (a princesa varreirá/liquidará ao tigre).

O escano logrado polo mozo de 32 anos Toshiro Tomochika, ex xogador da liga profesional de fútbol, apoiado polo Partido Democrático Social (PDS) e o Novo Partido do Pobo (NPP), que, no distrito electoral de Ehime, derrotou ao candidato do LDP Katsutsugu Sekiya, antigo ministro da construción, quen viña apoiado polo Novo Komeito, un exemplo de como unha persoa acabada de chegar á política xaponesa, sen experiencia nin tradición familiar, logrou o apoio dos votantes baseando boa parte do seu discurso na denuncia das disparidades rexionais. Ou a non menos sorprendente derrota do antigo director da Axencia de Medioambiente Kenji Manabe, que era desposuído do seu escano polo seu opoñente Emi Uematsu (PDJ e de 39 anos) no distrito electoral de Kanagawa.

Tamén sorprende que o PDJ gañase un escano en todas as circunscricións da rexión Kinki, excepto en Wakayama, e que en Nara, un esforzado Tetsuji Nakamura, moi activo na celebración de mitins, bateu ao candidato do PLD, Masatake Matsui. Non dubidaron en apoiar a candidatos do seu partido nin Taro Aso nin o propio Abe, quen visitaron Fukuoka, suceso que axudou a que o seu candidato Masaji Matsuyama lograra un dos escanos en disputa, non só co apoio dos seguidores do seu partido (PLD) senón tamén, neste caso, cos votantes do Novo Komeito, que lle reservaron o seu apoio en primeira instancia<sup>(25)</sup>. En fin, o PLD perdeu os distritos electorais da rexión de Shikoku.

O acontecido desde o 29 de xullo ata a estraña dimisión de Shinzo Abe o 12 de setembro vai ser recordado polos analistas políticos xaponeses, presupoño, que por un longo tempo. O luns seguinte ofreceu unha rolda de prensa en que anunciaba que na segunda metade de agosto remodelaría o seu gabinete, aínda cando algúns dos seus ministros levaban escasos meses no cargo e tamén aplicaríase o bisturí en postos executivos do PLD. Asumiu o compromiso de reformar a Lei de control do financiamento de partidos.

Na súa primeira mensaxe electrónica dirixida aos seus incondicionais, a través de *e-mail magazine* cualificaba o resultado de “severo”, dando as claves que explican a debacle: o pobo tivo bastante, xustificando así o lóxico enfado polo escándalo das pensións, o torrente de declaracións inapropiadas realizadas por membros do seu gabinete e os problemas dos financiamentos irregulares<sup>(26)</sup>. Asumía a responsabilidade da derrota con franqueza e humildade pero amparándose no imperioso de continuar coas reformas do corpo de funcionarios civís, reconstruír o desvalorizado sistema educativo, promover a nova estratexia de crecemento, activación e revitalización das rexións, o avance en propostas que atallen os problemas medioambientais globais, consideraba a todas luces “inapropiado” bloquear o fluxo da corrente reformista. En definitiva, era inexcusable, na súa opinión, favorecer a creación dun baleiro político na conxuntura de

---

(25) Téñase presente que Taro Aso ostenta o seu escano na Cámara Baixa xaponesa pola súa vitoria na candidatura ao distrito electoral número 8 de Fukuoka.

(26) Editado pola Oficina de Relacións Públicas do Gabinete, cabe acceder á mesma a través de <http://www.kantei.go.jp/foreign/m-magazine/>.

entón, de sorte que non había outra opción que a de permanecer ao fronte de goberno.

Na súa axenda internacional tiña programados viaxes oficiais a Indonesia, India e Malaisia na segunda quincena de agosto, así como participar no cumio de líderes económicos da APEC na capital australiana, en que debía facer que valesse o peso internacional de Xapón explicando aos seus socios a súa determinación por continuar a loita contra o terrorismo internacional, buscando a estima e o apoio da comunidade internacional na cuestión, exercendo, segundo as súas palabras, unha “diplomacia proactiva”.

Na casa, a situación tras a derrota ía ser complicada. A oposición medrou cos resultados. O *minshuto* (PDJ) ameazaba con bloquear as iniciativas legislativas do Goberno, en especial, a de prorrogar o apoio militar ás forzas internacionais na loita de Afganistán, incluso aliándose con algunhas das forzas da oposición.

Nada do anterior foi suficiente para cumprir o prometido nesta última ocasión: o 12 de setembro de 2007 Abe anunciaba por sorpresa a súa dimisión. E facíao dun xeito estraño, nun momento inapropiado e mostrando non poucas doses de irresponsabilidade.

En primeiro termo, Abe non ofreceu explicacións coherentes nin razoadas da súa decisión –salvo que poidamos aceptar como “convicente” a súa explicación de que Ichiro Ozawa, líder do PDJ, rexeitou reunirse con el– para ao día seguinte de abandonar o cargo, ingresar nun hospital e ser tratado por esgotamento e cansazo, saíndo a dar explicacións algúns días máis tarde á opinión pública, entre as que incluíría, como novidade, aludir entón a un débil estado de saúde.

Posto en palabras de Jeff Kingston, Abe merece un *réquiem* por un perdedor, a súa presidencia rematou en desastre e os máis decepcionados coa súa marcha foron os membros da oposición, que vían nel a arma máis efectiva para lograr o poder, xa que apenas hai nada que se salve do seu mandato: os mozos referíanse a el como “KY” (*kuuki ga yomenai* –incapaz de ler o aire–), en alusión a súa total desorientación en calquera asunto público<sup>(27)</sup>, e os medios alimentáronse cun errante e, en ocasións, negligente liderado; non superou as continuas comparacións con Koizumi; non soubo identificar e comprender, por ignorancia ou por incapacidade, os asuntos que interesaban e importaban aos cidadáns. Nada, en fin, do que deixa de legado coaduvou ao seu ideario político, aquel slogan con que asumiu o liderado: facer de Xapón un país bonito o fermoso<sup>(28)</sup>.

En fin, algo de culpa de se atribuír ao partido gobernante, pois todo indica a que no tempo que mediou entre a debacle electoral de xullo e a dimisión de Shinzo Abe, non parece que houbera moitos potenciais líderes dispostos a se ofrecer para o cargo. Pero a alguén debíase elixir.

(27) が読めない人: Con carácter despectivo, é unha crítica que se ceba na incapacidade para o cargo. *Sensu contrario*, ler o aire denota astucia.

(28) Jeff Kingston é director de Estudos de Asia de *Temple University* (Campus de Xapón). Ver o seu extenso artigo, en varias entregas *Réquiem for a Loser: Meltdown of a neocon: Abe's last hurrah*, no diario *The Japan Times*, 30 de setembro de 2007.

### III. As eleccións internas no PLD á sombra das faccións: Fukuda versus Aso, primeiro Fukuda e logo Aso?

Coa dimisión por sorpresa de Shinzo Abe, o PLD afrontábase á elección do seu 22º presidente, o pasado 23 de setembro. Dun total de 528 votantes, 330 apoiaron a Fukuda e 197 ao rival Aso<sup>(29)</sup>. Os estatutos do PLD<sup>(30)</sup> establecen que se quedara vacante a presidencia do partido, se designará a un sucesor nunha Sesión Plenaria dos membros do partido, con escanos na Cámara de Representantes e na Cámara de Conselleiros, en substitución da Convención do Partido, que é –en puridade– o órgano supremo<sup>(31)</sup>. Do total de votos en liza, 304 correspondían a membros da Cámara Baixa, mentres que 83 son parlamentarios da Cámara de Conselleiros. Cada unha das 47 prefecturas disporía de tres votos (i.e. 141 votos), o que fai un total de 528 votos en liza.

No sistema parlamentario do Reino Unido, que serviu de inspiración e modelo en numerosas cuestións ao nipón, os líderes dos seus respectivos partidos na Cámara son o primeiro ministro e o líder da oposición, de acordo coas convencións parlamentarias<sup>(32)</sup>. Aberta a pugna electoral interna, son as faccións as que decantan o signo da balanza. Resulta significativo que, das oito existentes<sup>(33)</sup>, Fukuda lograse o apoio de sete, e só a do propio Taro Aso, que apoiaba ao seu candidato, haxa en boa lóxica, dissenso.

O desconcerto orixinado no partido coa fuxida de Abe foi importante, ata o punto de que os *Koizumi Boys*, liderados por Yasufumi Tanahashi<sup>(34)</sup>, puxéranse mans á obra para convencer ao *lion heart*<sup>(35)</sup> de que se debía presentar de novo. Como é habitual, foi un labor deixado ás faccións, quen se amontoaban apresuradamente tan pronto se anunciou a renuncia de Abe. Para o que houbo de ser, o PLD deu mostras de certa cordura e “cohesión” interna, pois pouco a pouco decantáronse por apoiar a Fukuda, deixando a confrontación electoral case nunha contenda interna de cara á galería.

Agora ben, algúns insinuaron que os votos de Taro Aso lle outorgan apoio suficiente para o suposto de que Yasuo Fukuda acabe sendo unha mera etapa máis para consumo da fogueira do poder e que, confirmado o fracaso de sacar adiante a

(29) Un dos votos resultou anulado.

(30) *Constitution of the LDP*: pódese consultar en <http://www.pld.jp/>.

(31) Á convención ou asemblea pertencen todos os parlamentarios membros do partido e catro delegados por cada unha das Federacións Prefectoriais das Delegacións do Partido, de entre os cales ao menos un representante o será da sección xuvenil e outra da de mulleres.

(32) CARBAJAL IRANZO, Ignacio: *O estraño caso da ausencia dos Grupos Parlamentarios en Westminster. Os ‘grupos parlamentarios’ na Cámara dos Comúns explicados ao lector español*, Revista Parlamentaria de la Asamblea de Madrid, especial monográfico, xuño 2007, p103.

(33) Segundo a propia páxina do Partido, as oito faccións serían as seguintes: a facción de Hashimoto, a de Ozato, a de Horiuchi, a de Mori, a conformada por Eto-Kamei, a de Yamasaki, a de Komura e a facción de Kono, sen esquecer que algúns membros do PLD defínense como “independentes” e non están, polo tanto, identificados nin asignados a ningunha das faccións.

(34) Exerceu o cargo de ministro de Ciencia e Tecnoloxía.

(35) Así coñecía-se a Koizumi “pola súa melena e a súa inquebrantable vontade de avanzar cara ás reformas estruturais”. Pódese ver a súa campaña de imaxe e a súa sucesión de comunicados do *e-mail magazine*, accesible dende a Oficina do Primeiro Ministro.

renovación da Lei antiterrorista, e sempre que isto non provoque antes a disolución da Cámara de Representantes, Aso podería ser o seguinte en ocupar o cargo.

En fin, en opinión do analista político Gaku Shibata<sup>(36)</sup>, a principal razón polo inesperadamente alto número de votos logrado por Taro Aso, único competidor de Fukuda pola presidencia do partido, radica en que eses votos concentraban os dos críticos co estado de ánimo nas filas da agrupación política. Pénsese que foi coincidente en analistas políticos atribuír ás etapas de Koizumi (e, en consecuencia, á máis breve de Abe) a práctica de facer política a marxe do partido, perdendo así influencia e danando as relacións entre goberno e partido.

Yasuo Fukuda é un conservador que pretenderá apartarse dos erros cometidos por Shinzo Abe. Acumula a experiencia de seis lexislaturas desde que lograra escano na Cámara Baixa en 1990, entre as que desempeñou o cargo de secretario xeral do Gabinete durante tres anos con Yoshiro Mori, a cuxa facción lle debe a súa pertenza e apoio. Foi titular de ministerios en dúas ocasións e director da máis que relevante Axencia de Desenvolvemento de Okinawa, co que se lle presupón sensibilizado con cuestións como a descentralización territorial e a presenza americana nas bases militares.

Graduado na Facultade de Ciencias Políticas e Económicas de Waseda, a elección de Fukuda devolve ao partido e á vida política o grao de experiencia e *seniority* do que careceu o breve período do seu antecesor, o que xustamente parece ser o ordenado no seu seo, vencendo as teses dos baróns militantes do PLD. Cuestión distinta é se esta volta ás orixes logra satisfacer as demandas de cambio que os votantes xaponeses arroxaban ás urnas cando votaban maioritariamente ao partido contrario nas eleccións parciais de xullo pasado.

Talvez non se espere de Fukuda que lidere unha liña de ruptura coa política do seus antecesores, aínda que non lle custará demasiado traballo facelo mellor ca Shinzo Abe. De entrada, renovou 15 dos 17 ministros que deixou ao seu predecesor. Deberá ter, en calquera caso, a coraxe política de liderar o país e conducilo cara as grandes transformacións pendentes. Un dato máis a tomar en consideración é que se Abe foi o primeiro primeiro ministro nado tras a II Guerra Mundial, Fukuda é o primeiro en ostentar o cargo que xa ostentara entre 1976 e 1978 o seu pai, Takeo Fukuda, circunstancia inédita na política xaponesa ata a data, se ben é moi frecuente encontrar continuidade familiar en cargos políticos<sup>(37)</sup>.

#### **IV. O programa de Abe executado por Fukuda: do “país bonito” á política mediante o diálogo e ao país da diplomacia na escena internacional**

Volvendo á análise de Gaku Shibata citado *supra*, todo apunta a que con Fukuda se avexina a “política mediante o diálogo”, xa sexa en política interior,

(36) Responsable da sección de información política do Yomiuri Shimbun. Artigo de opinión no Yomiuri Shimbun do 24 de setembro de 2007.

(37) O propio Abe é neto de primeiro ministro.

tratando de explicar aos sufridos e desencantados cidadáns as reformas que o país necesita (privatización e maior liberalización da economía, control do déficit público, sistemas de pensións, etc) xa se trate de diálogos con aqueles países, na area internacional, cos que se han de entender para tratar as principais cuestións que hoxe interesan a Xapón, unha ferramenta que —é certo— pódese refutar como valiosa —en palabras de Shitaba— pero sobre a que haberá que esperar a que produza resultados certos.

No primeiro caso, porque é razoable soste que a credibilidade tense que gañar a base de convicción e persuasión cara un público obxectivo, receoso e desconfiado, con desapego á política, para o que non faltan argumentos, debido ao descontento xeneralizado máis que xustificando a tenor dos escándalos políticos.

O segundo, porque na area internacional, o diálogo bilateral de Xapón con terceiros países está cada vez máis supeditado ao multilateral, cando non marcado cada vez máis, e segundo para que asunto, polo que diga a agora poderosa —e mañá todopoderosa— China.

Precisamente, e neste sentido, unha das primeiras medidas que adoptou Fukuda é a de continuar coa práctica iniciada por primeira vez por Koizumi —continuada por Abe— de remitir periodicamente o xa célebre *e-mail Magazine* a un numeroso listado de direccións electrónicas. Calquera pódese dar de alta. Non se espere o destinatario secretos sensibles de Estado, pero é loable recoñecerlle unha aparencia de proximidade e de contacto por medios telemáticos coa cidadanía que non escapa ao bo asesor de comunicación e que, nun país como Xapón, tan avanzado en materia tecnolóxica, non debe pasar inadvertido.

Esta medida permite, polo demais, sumar á canle dos medios de comunicación outro adicional, que sitúase máis próximo aos habituais comunicados oficiais dunha Presidencia de Goberno, pero coa diferenza da súa redacción en primeira persoa, mesturando non xa unha posición oficial —e a veces oficiosa— sobre unha cuestión concreta, senón opinións persoais e ata estados de ánimo ou sentimentos. Pero deixemos o *e-mail Magazine* para quen desexen sentirse máis preto e próximo ao primeiro ministro xaponés e para quen se sinta con ganas de se comunicar “directamente” con el, e vaíamos ao relevante: o programa de Goberno<sup>(38)</sup>.

En efecto, parecía obrigado non só polas formas, senón tamén polo fondo (a modo de exercicio de humildade fronte o “órgano supremo do poder do Estado”, segundo reza a Constitución xaponesa de 1946<sup>(39)</sup>) que o novo candidato a primeiro ministro comezase o seu discurso programático buscando o apoio do seu partido e do seu socio de goberno, o Partido Novo Komeito<sup>(40)</sup> ao tempo que, cun ton grave, expo-

---

(38) O discurso político de Fukuda na 168ª Sesión da Dieta pódese ver en <http://www.kantei.go.jp/foreign/index-e.html>. A actual sesión da Dieta terminou o 10 de novembro de 2007.

(39) Artigo 41 da Constitución xaponesa: “A Dieta é o órgano supremo do poder do Estado e o único órgano lexislativo do mesmo”.

(40) O Partido Novo Komeito (公明党) conta con 31 deputados e un total de 24 conselleiros, ademais de 3.238 membros de asembleas locais (datos de 30 de setembro de 2006).

ña sen enganos a gravidade –extremadamente severa, nas súas palabras–<sup>(41)</sup> da derrota electoral nas eleccións de xullo pasado.

Recuperar a confianza do pobo na política é un dos seus obxectivos de programa. Nada que obxectar á vista de que os escándalos que salpicaron a presidencia de Abe tiveron moito que ver coa perda da confianza dos electores e, sobre todo, coa forzada dimisión do xefe do Goberno. Pero non será fácil gañar esa confianza. Para isto propón Fukuda na Dieta fomentar a transparencia no financiamento dos partidos, observar e practicar a moralidade como políticos, concienciación da calidade de servidores públicos de todos os funcionarios que haberán de levar a cabo as súas funcións fielmente e evitando calquera acción ou actuación da que se puidesen avergoñar.

En materia de seguridade social, o compromiso de Fukuda colle un verniz case dramático. Non esperarían outra cosa os cidadáns xaponeses tras o escándalo da desaparición de millóns de expedientes cos seus dereitos a percibir os cobro de pensións. Un firme compromiso para desenvolvemento dun sistema de seguridade social baseado nos principios da autosuficiencia e da cooperación mutua, en que a atención sanitaria merece un lugar destacado ao se identificar dous dos principais problemas aos que debe facer fronte Xapón nos próximos anos. Dunha parte, a escaseza de especialistas. Doutra, a insuficiente atención médica aos anciáns e as deficiencias das urxencias no ámbito local.

As medidas sociais complétanse cunha maior sensibilización cara ao problema da baixísima taxa de natalidade e mellora do programa educativo, debéndose potenciar a autoconfianza. Máis medidas que garanten a igualdade de sexos, así como revisar as arraigadas prácticas de extenuantes xornadas laborais que imposibilitan a conciliación entre vida persoal e familiar e vida laboral. A isto sumaríamos a aposta de Xapón por atallar o problema de cambio climático e de desenvolvemento sustentable, con cita expresa ao cumio do G8 de Hokkaido prevista para o ano próximo, con aspiración a reducir á metade a emisión de gases de efecto invernadoiro para 2050.

Con ser estas cuestións importantes, aínda que se me antollan de maior calado no programa de goberno de Fukuda a cuestión territorial, no ámbito doméstico, e as relacións con China e con Estados Unidos no plano internacional.

Da primeira cuestión chama a atención que unha das principais preocupacións dos votantes fose a disparidade en termos de riqueza que se apreciaba entre rexións e áreas locais, todas elas afectadas pola imparabile tendencia ao envellecemento da poboación, amais de desmotivación e decrecemento. A revitalización local e rexional é un dos principais obxectivos que se marcou o goberno, para o cal se crearía a Organización para a Restauración da Vitalidade Rexional. De nada servi-

---

(41) の参議院議員通常選挙の結果は、与野党が逆転するという、与党にとって大変厳しいものでありました。(The results of the recent ordinary elections for the House of Councillors, which gave the majority to the opposition, were extremely severe for the ruling parties). O seu discurso de investidura, con inclusión do seu programa de goberno pode verse na páxina web da Oficina do Primeiro Ministro, <http://www.kantei.go.jp/foreign/index-e.html>.

rían estas iniciativas se non veñen acompañadas de medidas de descentralización do poder, acompañadas das de alcance financeiro e fiscal, e dunha firme decisión de completar a realización do sistema dun “máis amplo poder rexional” ou *dôshusei* (道州制)<sup>(42)</sup>, en coherencia co principio de autoadministración local consagrado no artigo 92 da Constitución<sup>(43)</sup>.

Ás anteriores cuestións nacionais habería que lle engadir outros síntomas inequívocos de que a sociedade xaponesa atravesa unha etapa difícil. Sirvan como meros exemplos a crise que sofre o modelo tradicional de familia que, aínda que menos acusado que nalgúns países de Occidente, ten unha repercusión maior nunha sociedade moito máis homoxeneizada ou o cuestionamento do sistema de emprego garantido de por vida, xa superado por novas formas de contratación máis flexibles que xeran desconcerto e inseguridade aos mozos, que ven cambalear algúns dos principios que parecían gozar de maior arraigo e solidez.

A isto debemos engadir o problema dos nacionalismos, a xenofobia, o acoso escolar ou a obsesión cos cómics, por non citar os desordes psicolóxicos e sociolóxicos que padecen algúns grupos minoritarios –ou non tan minoritarios, segundo se mire– problemas que, sen quitarlles a relevancia que debe dárselle, teñen tamén o seu público, ao venderse tan ben para consumo de Occidente<sup>(44)</sup>.

En fin, queda pendente referirnos ao capítulo da “diplomacia que contribúa á paz” nos termos empregados por Yasuo Fukuda no seu discurso de investidura. O título non pode estar mellor elixido para reflectir o equilibrio algo inestable ao que se ve abocado o goberno de Fukuda e que supón conseguir o apoio que necesita Xapón no ámbito nacional para poder atender as demandas dos seus aliados militares internacionais.

A este ámbito pertencen os asuntos do apoio parlamentario necesario para, en aplicación da Lei de medidas especiais contra o terrorismo do ano 2001, continuar cumprindo cos compromisos internacionais contraídos, pero tamén resolver os problemas da desnuclearización de Corea do Norte e o non menos espiñoso contencioso dos xaponeses aducidos, considerado como unha “cuestión de dereitos humanos”. Ou ben afondar na alianza privilexiada cos Estados Unidos e aumentar o peso da súa diplomacia na zona xeograficamente natural da súa influencia. Pódese pensar nos recentes acontecementos políticos de Birmania.

---

(42) MURAMATSU, Michio: *Local Power in the Japanese State*, University of California Press, Berkely, Los Angeles, Londres, 1997, pp61-62. Ver tamén KEVENHÖRSTER, Paul: *El sistema político del Japón*, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid 1980, pp102 e ss. Ver tamén NEARY, Ian: *The State and Politics in Japan*, Polity Press, Cambridge 2002.

(43) Artigo 42: “As cuestións concernentes á organización e funcionamento das entidades públicas locais serán establecidas pola lei sobre a base do principio da autonomía local”.

(44) Sirva a modo de exemplo o libro de NATHAM, John: *Japan Unbound: a volatile nation's quest for pride and purpose*, Houghton Miffling Books, 2004; ou o de ZIELENZIGER, Michael: *Shutting out the sun: how Japan created its own lost generation*, Vintage Departures, New York 2007, sobre o certamente preocupante fenómeno dos que padecen a desorde social e emocional do autoillamento, ilustrativamente denominado hikikomori (引き籠り) e que xa é estudado como un trastorno psicolóxico de extrema inadaptación. Literalmente equivalería a “ser retirado, ser confinado”.

Ademais, a relación con China pasa polo beneficio mutuo e polos denominados intereses estratéxicos comúns. Por último, seguen figurando na axenda internacional xaponesa a súa lexítima reivindicación de lograr un asentamento como membro permanente do Consello de Seguridade e a de pechar a seguinte fase de negociación no seo da Organización Mundial do Comercio, a Rolda de Doha.

Pero é a cuestión do subministro de carburantes aos navíos militares no océano Índico a que máis atención nos merece, de sorte que pode estar a punto de desvelarse de vital importancia para a continuidade política do primeiro ministro. Non obstante, cómpre dicir ao seu favor que a creación dun verdadeiro ministerio de Defensa dá credibilidade ao proxecto de reformas xaponés e ao seu afán por gañar peso na escena internacional, vencendo así a anomalía organizativa que padecía Xapón, un dos países industrializados cun mellor dotado exército e unha estrutura organizativa de segundo nivel<sup>(45)</sup>.

A cobertura legal da medida ven dada polo preceptuado no artigo 4 da Lei de medidas especiais antiterroristas cando entre as medidas a adoptar, e dentro das actividades de cooperación e apoio, inclúese o subministro, o transporte, reparación, mantemento, servizos médicos, comunicacións, servizos de aeroporto (en terra e en mar) e soporte básico. Queda excluído expresamente o subministro de armas e munições e de carburantes ou mantemento para aeronaves que vaian a efectuar misións de guerra ou que vaian a trasladar e realizar transporte terrestres de armas e munições en países estranxeiros.

En desenvolvemento da Lei, a decisión gubernativa de 16 de novembro de 2001 concretaba as categorías e contidos específicos das actividades de cooperación e apoio, previndo que as forzas de autodefensa xaponesas aplicarían, en forma de provisión de bens e servizos, o abastecemento de carburante para barcos e outros, que será realizado por barcos, así como o transporte de carburantes e outros bens, que se fará por barco e por aeronave. Pois ben, o 27 de outubro de 2006 o goberno de Abe lograba prorrogar un ano máis a aplicación da Lei, aínda que a isto se opoñían o Partido Comunista, o Partido Social Democrático e o Novo Partido do Pobo, alegando, en síntese, un abuso da norma ao traspasáronse a área de actuación en que podían actuar os efectivos militares aos que Xapón subministraba o carburante. Inicialmente, debía ser só Afganistán, cando en realidade o seu radio de actuación afectaba a 12 países, extralimitándose no ámbito obxectivo da autorización. Hai dúbidas incluso de que non se estea utilizando polas forzas estadounidenses para atacar Iraq, como se sospeita que ocorreu en 2003.

Agora o executivo nipón ten que pasar o control da Dieta para unha nova prórroga coa moi significativa diferenza de que o partido do goberno perdeu a maio-

---

(45) Lembremos que foi durante o mandato de Shinzo Abe, aínda que froito do traballo do seu predecesor Koizumi, cando se constituíu por primeira vez desde a aprobación da Constitución, un Ministerio de Defensa que veu a substituír á antiga Axencia das Forzas de Autodefensa, con data de 9 de setembro de 2007. A lei da que trae causa é do 15 de decembro de 2006.

ría nunha das cámaras. Non é descartable que algúns –ou talvez todos– dos barcos teñan que regresar a casa.

## **V. A talvez inevitable agonía dun goberno parlamentariamente coxo**

---

O relevante nestes momentos non é tanto o programa de goberno, senón a distribución de escanos nas cámaras. O goberno de Fukuda nace moi limitado, ao perder o apoio da segunda das cámaras que conforman a Dieta. Esta circunstancia que *a priori* nun sistema parlamentario como é o xaponés, onde o que fai a Cámara de Representantes ten prevaenza sobre o que poida acordar a Cámara de Conselleiros puidera ser insignificante, non o é na actual conxuntura en que a credibilidade do Goberno faise depender de que sexa capaz de cumprir coa súa promesa de renovar o mandato de apoio e asistencia de subministro militar aos barcos no océano Índico. Ata tal punto é así que, de non se lograr dito apoio, Fukuda non terá máis remedio que facer caso aos reiterados chamamentos á disolución parlamentaria.

A diferenza no signo político das cámaras púxose en evidencia ao non lograr un consenso na designación do primeiro ministro, frustrando a designación conxunta, por ambas as cámaras, do sucesor de Abe e activando o mecanismo de desbloqueo previsto constitucionalmente. Así, a Cámara de Representantes votou por Fukuda, mentres que, pouco máis tarde, Ozawa era designado primeiro ministro pola Cámara de Conselleiros. Nestes casos, o artigo 67 da Constitución xaponesa insta a ambas cámaras a alcanzar un acordo a través da intervención dun comité conxunto. Só en caso de non o lograsen, como de feito sucedeu nesta ocasión, recóñese a prevaenza da decisión da Cámara Baixa sobre a da Cámara de Conselleiros.

É un dos poucos casos en que o maior peso da primeira sobre a segunda permite cuestionar o acerto do prestixioso constitucionalista Miyazawa ao se referir ás “insignificantes” diferenzas entre ambas cámaras, aínda que a súa definición do sistema parlamentario xaponés como “sistema bicameral coxo” é de todo punto impecable<sup>(46)</sup>.

Non obstante a subordinación da Cámara de Conselleiros ao papel principal que xoga a Cámara de Representantes, o certo é que ben utilizada na actual conxuntura política, pode bloquear a acción de goberno. Non tanto porque non haxa mecanismos para que as leis saian adiante, para o que podería valerse da prerrogativa constitucional da maioría de 2/3 ou ben esperar a que esgote o tempo máximo de 60 días de que dispón a Cámara Alta para a súa estratexia paralizante, ou para que se aproben os orzamentos ou a celebración de tratados internacionais, senón porque do que agora se trata é de sacar adiante as medidas legislativas da Lei antiterrorista ou as leis que leven a cabo as reformas políticas e económicas que Xapón demanda e merece. É esas, non serven se chegan tarde.

---

(46) Citado en RÖHL, Wilhelm: *Die Japanische Verfassung –die Staatsverfassungen der Welt–*, Alfred Metzner Verlag, 1959, p116.

## VI. Conclusión

---

Nos anos de Koizumi, déronse os pasos na boa dirección para acometer as reformas que necesita Xapón, como por exemplo a privatización postal ou a preparación normativa para a creación do Ministerio de Defensa, que tomaría corpo durante o mandato de Abe.

Con este último, quen sucedería a Koizumi en setembro de 2006, Xapón viviu un período errático, planado de escándalos políticos e con manifestas carencias de liderado. A derrota electoral do PLD nas eleccións parciais á Cámara de Conselleiros puxo de manifesto que o electorado perdera a confianza no partido do goberno.

Nunha reacción estraña e irresponsable, Abe decidiu, inicialmente, manterse no cargo e afrontar o resto de lexislatura cumprindo cos compromisos asumidos. Sen embargo, apenas mes e medio despois da derrota electoral, presenta a súa dimisión, activando de novo o mecanismo das faccións do seu partido, para elixir a un novo líder. O PLD aposta por Fukuda, quen vence a Taro Aso con folgura. Ante unhas cámaras divididas, o peso da Cámara de Representantes saca adiante a candidatura a primeiro ministro do líder do PLD.

Non obstante, os retos inmediatos en materia lexislativa, en especial a aprobación pola Dieta da prórroga para a aplicación das medidas contidas na Lei antiterrorista que vence o 1 de novembro de 2007 non deixa marxe apenas ao PLD para actuar, quedando a mercé das forzas políticas da oposición quen, co reparto de escanos na Cámara de Conselleiros, aínda que en principio non resulte determinante, si pode provocar que Fukuda se vexa abocado á disolución anticipada. Pase o que pase, podemos estar ante unha oportunidade de verdadeiro e profundo cambio en Xapón e na súa política.

---

*Salvador Rodríguez Artacho é profesor asociado de Política Xaponesa na UAM, profesor asociado de Dereito Constitucional na UNED e avogado de Cuatrecasas.*